
UN ESCRITOR NOS XORNAIS

Xosé Luis Méndez Ferrín

Artigos periodísticos



II Premio ROBERTO BLANCO TORRES de Xornalismo de Opinión

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis
Un escritor nos xornais : Artigos periodísticos (2000) / Xosé Luis Méndez Ferrín ; Introducción de Margarita Ledo Andión. – Santiago de Compostela : Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2001. – 176 p. ; 24 cm. – II Premio "Roberto Blanco Torres" de xornalismo de opinión (2000). – D.L.C-2120/2001. – ISBN 84-8121-958-4.

I. Ledo Andión, Margarita. II. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

869.9-92 Méndez Ferrín

Os editores agradecen a *Faro de Vigo* as facilidades prestadas para a reproducción dos artigos periodísticos de Xosé Luis Méndez Ferrín aquí recompilados, editados nas seccións *Os camiños da vida* e *Segunda feira* do devandito xornal.

© Universidade de Santiago de Compostela, 2001

Deseño de cuberta
Signum Deseño

Edita
Servicio de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela

Maqueta e imprime
Imprenta Universitaria
Campus universitario sur

ISBN: 84-8121-958-4
Dep. Legal: C-2120/2001

INTRODUCCIÓN. Louvor de Ferrín

Margarita LEDO ANDIÓN
Catedrática de Comunicación audiovisual e publicidade da Universidade de Santiago de Compostela

Produce un certo *effet d'étrangeté*, é certo, o fenómeno que nos últimos digamos que dous anos se apodera do perfil público de Méndez Ferrín e o entroniza no cerimonial. Por iso comezo o meu texto cunha cita no vango, cunha muller, Kristeva, que en *Soleil Noir* interpreta a unha outra muller, á Duras:

> Parce qu'il y a eu Hiroshima, il ne peut y avoir d'artifice. Ni artifice tragique ou pacifiste face à l'explosion atomique ni artifice réthorique face à la mutilation des sentiments. *Tout ce qu'on peut faire c'est de parler de l'impossibilité de parler de* Hiroshima.

Ferrín, o militante en presente eternal, o escritor nobelábel, o republicano marxista que adoito expresa o sentido profundo de pertenza e de recoñecemento do outro que este idearium conleva, é tamén o Ferrín articulista de xornais, o máis incidental, o Ferrín por entre o hipertactismo dos cinco minutos de sucedo, coa lucidez do moito que nós propios, lectores en paisaxe que relambe a súa autodestrucción, non deixamos pasar.

Existen tres chaves, como a chave do tempo, que abren un dos muitos vieiros para accedermos á obra periodística de Méndez Ferrín. A primeira, obviamente, ten que ver coa memoria, con aquela xeración de escritores metidos a xornalistas que fan que Galicia entre no século XX con zapatos danzantes para os Tés Danzantes de Dosinda Areses nas tardes do Hotel Compostela. Ten que ver co intelectual comprometido e xerminal de entreguerras, co suxeito que se organiza, que acorda un programa de acción, que se presenta en sociedade co Partido Galeguista, que fai a guerra coa Fronte Popular. A segunda, en devalo, ten que ver coa ausencia, ten que ver coa perda. A terceira terá que ver co propio xornal como *locus* e como sistema de producción do discurso xornalístico, coas súas regras máis ou menos estábeis e que recoñecemos como convencións.

Dende calquera destas tres entradas topamos, deseguida, cunha das constantes, entre outras constantes, do Ferrín-cronista, tal e como el decide se representar, que é a relación entre determinadas figuras en destino, a lectora –ideal ou non– dos seus textos, e máis o autor. Permítaseme facer só unha referencia aos meus lazos de antigo co obxecto desta introducción e que teñen lugar en Barcelona, ano setenta e dous, co gallo da inauguración da Galería Sargadelos e dunha embaixada que chega dende o interior. A saber: Ramón Piñeiro, Paco del Riego e Ferrín. Houbo, como é costume arredor dun evento, os aspectos visíbeis e aqueles que no tempo conformaban o mundo da clandestinidade e que consistía na entrega dun paquete no Carrer d'Urgell, dun paquete con propaganda e con recomendacións que o mensaxeiro deseguida abreviou con estas palabras: necesitamos traballar a nivel democrático, a nivel galeguista, a nivel comunista. Despoixas tomamos un zume nun bar. Nada de alcohol, nin de sexo, nin de rock and roll. Pois ben, estes tres niveis, ao facer de lectora, eu automatízoos en cada un dos artigos de Méndez Ferrín, igual que vostede, lector, fixará un ou outro. Ou, simplemente, non se vai deixar apañar por ningún na procura de literatura.

Do cocido e do crú

O Concello de Cuntis e máis a Facultade de Ciencias da Información da USC acordaron a creación dun premio para o xornalismo de opinión, na honra de Roberto Blanco Torres, paseado no 1936. Avalíase, por parte dunha comisión, o traballo publicado no derradeiro ano, é dicir o 2000, e esta *laudatio* prevé a recolla en libro dos artigos sometidos á consideración do xurado. É, pois, este corpus o que collemos como material exemplar.

Porén, e como as cousas que teñen que ver co xornalismo non gozan da posibilidade da pureza, nen sequer da individuación –que vostede ou eu non pasemos polo tormento de ler o xornal non quere dicir que non nos afecte–, esta manchea de textos que sob o rótulo que identifica dobremente á sección como *Segunda feira* ou como *Os camiños da vida* e que se publicaron en *Faro de Vigo* cada semana, non son alleos nen ao que simboliza o propio Blanco Torres nin ao estilo-Ferrín como personalidade que non pode esquivar ser descodificada coma un escritor.

Así, o percurso que imos realizar alarga a mirada pola historia, como fai Ferrín; fai escuetas paraxes na diferencia en tanto diferencia, por exemplo entre Periodismo e Literatura, como fai Ferrín; escolle a nivel

temático non o que máis veces tratou o autor se non aqueles suxeitos recorrentes na súa preocupación e que tiramos de entrevistas e de persoas coas que mantivo unha sorte de identidade fraternal, Dosinda ou Otero, reclamándoas para a actualidade, como fai Ferrín. No concreto, e para seguir a norma, imos parar en como Ferrín fai os seus artigos, alén dese *punctum* que fai dos seus artigos un momento en suspenso na desarticulada función do xornalismo de opinión en Galicia.

En tempos da segunda fase da Reforma, 1979, –de seguirmos a Antón Capelán no prólogo de *Dosinda Areses, prosas completas*– as catro entregas da autora na rúbrica "A columna salomónica" en *El Pueblo Gallego*, confiscado no 1936 a Portela, son o ponto cero. A súa colaboración, entre xuño e nadal de 1981, en *Hoja del Lunes*, editado pola Asociación da Prensa en Vigo, e a súa prolongación en *A Nosa Terra* entre xullo do 1982 e xaneiro do ano a seguir, 1983, etapa na que esta exilada en México, que retorna nos primeiros setenta, coincide nas páxinas do periódico semanal nacionalista con Méndez Ferrín, son o referente de luxo co que contamos para descifrar a trama comunicativa e a evolución do autor de *No ventre do silencio*, e para localizar a experiencia biográfica tamén, como parte da construcción dos espacios de opinión nos xornais.

A partir de aquí Ferrín será un dos articulistas de continuidade en *Faro de Vigo* e vai ser neste diario de información xeral, politicamente correcto e coa súa especificidade na cobertura dos feitos locais, onde desenvolva un modelo intersticial para o xénero máis representativo da Modernidade, o comentario, no que a subxectividade é un elemento constitutivo da verdade histórica, e onde o público, as masas, son un actor visíbel nas relacións sociais de comunicación.

Advertir, quizais, da conveniencia de activar dous conceptos: un, o xornal non é un resultado senón un operador do seu tempo, non é un obxecto-reflexo senón un suxeito en relación con outros suxeitos; e dous, o cidadán –e non só o poder e a súa institucionalización– tende a facer medrar a 'espiral do silencio' na medida que procura o consenso ou, dando unha reviravolta, en canto non desexa ser impopular.

Remarcar, por boca do autor a Salgado/Casado, un outro referente:

> Na miña casa, cando eu era pequeno líase o *ABC*; abríalo e na terceira páxina estaban os artigos de fondo asinados por Azorín, por Ayala, Ortega, Benavente, Eugenio Montes... ¡Toda unha escola! (...) E todo iso foime conformando nunha certa idea de periodismo, que non é este periodismo que se está facendo hoxe no que hai moi pouca calidade literaria

Engadir que anque o seu avó materno, o do Colexio Modelo de Ourense que se publicitaba "cos últimos adiantos da pedagoxía francesa", fora director dunha publicación profesional na fin do XIX, e que Ferrín se familiariza axiña cunha producción cultural de novo tipo, a banda deseñada, a través da versión primixenia do *Supermán* de edición mexicana, un *Supermán* que non colabora endexamais coa policía, nós coidamos que a súa obsesión polo feito noticioso apegado ás leis de proximidade vénlle dunha súa función accidental de testemuña ocular, dun acontecemento dos que na altura nin tan só existían na prensa, que lle fai dubidar da faciana harmoniosa do real:

> ¡eu vin disparar!, ¡había guerrillas! Estaba eu en primeiro de bachalerato (1947) e os rapaces, os meus amigos e máis eu vimos disparar, vimos arder unha casa, oimo-los tiros e vimos ardendo unha casa no bairro alto de Ourense

'Os meus amigos e máis eu', unha outra das constantes temáticas nestes textos para prensa que vostedes leran en segundo grao, coma un *déjà-vu*, mediados polo premio, por este proemio e polo libro, e mais por un raro poder de evocación dos devanceiros para quen o Ferrín abole, simplemente, o tempo, facéndonos querer que as cousas sucederan dunha outra maneira. Eis a opinión.

Xeración

Xa é do común considerarmos a xeración literario-política das Irmandades como cerna da Modernidade en Galicia. Pola súa vontade de intervención, pola súa capacidade de incorporar barullos, de acanear corsés, de constituírse nun arquetipo de artista-organizador e de productor que ben podería servirlle de exemplo, caso de se teren cruzado, ás achegas de Walter Benjamin. Canda eles andivo o mal de amores que remataría por tronzar, nun delirio nietzscheano, o devalo do século en dous.

Polifónica e nómada, a Xeración do 36 métese por entre a historia terreal –por exemplo por entre os medios de comunicación– para lle dar continuidade, cos materiais a bordo e coa procura doutros máis afíns, á nación. Fai política, fai xornalismo, fai axitación.

Os lugares son múltiples e os personaxes que os fan recoñecíbeis e memorizábeis son parte dun proceso en aberto, complexo e ricaz. No 1913 en La Habana –tertulia no café 'La Puerta del Sol'– coincidían Ramón Cabanillas, Blanco Torres, Antón Villar Ponte e máis Basilio Alvarez, tal e como un pouco antes, no dez, o crego bombista andaba por Madrid en

tratos coa protoburguesía, nas persoas de D. Enrique Peinador ou de D. Manuel Portela Valladares. Anos despois, no 1916, Villar Ponte convocará con optimismo á intelixencia para pasar á acción.

Os parámetros para a prensa diaria de masas, dunha ou doutra cor, é dicir con intereses e con ideoloxía, para *Faro* ou para *La Voz* como para *Noroeste*, *El Pueblo Gallego*, *La Zarpa* ou *Galicia* entroncan cos procesos de urbanización, cos primeiros xermolos da aplicación de dereitos como os da alfabetización universal, co desexo de participar no común –queriamos ferrocarril e queriamos votar–, con conflictos á vista e coa posibilidade de facer medrar os sinais de que a vida millora e de que o lecer –desporto ou excursións, sociedades recreativas, círculos de artesáns...– é un ben social.

Neste periodo, a prensa, como sector, accede a formular novas concepcións tanto a nivel empresarial como profesional: aumentan as plantillas, asístese a unha certa especialización, estabilízanse as asociacións e empréndense campañas, por exemplo contra da censura, fíxanse convencións, desenvólvense os xéneros complexos –a reportaxe– e singularízase o artigo de opinión. De xeito sobranceiro afírmase unha categoría, o público, non como unha abstracción, esa entidade que é depositiaria da soberanía, senón como realidade plural e dialéctica, mudábel e extorsionábel, que pasa axiña para a idea de programa en vistas dun receptor colectivo para propostas das que formen parte os propios medios de comunicación.

Por iso aparecen cabeceiras novas, a cultura do diario incorpora estratexias de seu e comeza a exhibir a interpretación. No 1917, no ano das folgas xerais e dos 'Dez días que abalaron o mundo', tal e como John Reed titulou para o periódico nordeamericano *The Masses*, Roberto Blanco Torres publica o seu primeiro artigo en *A Nosa Terra* e os ecos desta personaxe que conxuga parte das constantes da Xeración. Entre outras, a consciencia do papel a xogar polo debate e pola información.

Escolle a prensa, vén de Cuba 'metido a xornalista', di por Roberto o seu sobriño Mario nunha entrevista vai para dous anos, cando a Academia lle adica o Día das Letras, e coma o seu tempo, faise nómada, independente e interdisciplinar. O esgo que para nós o singulariza reside xusto nese quiasma onde se entrecruza o *input* de republicanismo, socialismo, certo nacionalismo culturalista e mais o traballo organizativo –anos vinte– na Asociación da Prensa ou na de escritores.

Pensou os medios, eis a súa signficación para nós, como constructores de cidadanía; mantivo a lucidez ética fronte da dictadura; sospeitou, coma Johán Carballeira, do ascenso do fascismo; defendeu o estatuto; practicou o xornalismo de denuncia; arredouse de Portela Valladares e de

Jaime Solá. Nos trinta, e co seu paso para cargos diversos na II República, desdebúxasenos o seu perfil.

Non pertenceu Blanco Torres ao Partido Galeguista –ao contrario que Dosinda ou que Otero Pedrayo– e a súa militancia foi devalando dende a ORGA casarista para Izquierda Republicana. Pero as súas posicións –voto para as mulleres, separación Igrexa/Estado, non á emigración, intervención no Teatro Alcázar de Madrid a prol do Estatuto de Autonomía...– coinciden coas do galeguismo progresista da época e están no legado que na guerra fría ha recoller 'Brais Pinto', do que é co-fundador Ferrín, 1958, Madrid.

Do fabulado e da non ficción

Non abonda, con todo, a notación funcional que sobre o Ferrín metido a xornalista exerceron eles, a Xeración. A súa influencia ilustra outros aspectos transfronteira que ten que ver co modo de narrar para o xornalismo cando se utilizan técnicas da fabulación, para a literatura cando fai explícita a materia viva que vén da non ficción. Ambas as dúas posicións –máis a 'Posición Soto'– poderían definir un itinerario para a lectura da obra ferriniana. Referímonos ao modo en que se configurou por unha banda o xornalismo, pola outra a literatura de non ficción, ou o cinema de non ficción, ou a música concreta, se for preciso... Quérese dicir, as diversas modalidades comunicativas en tanto en canto productos de cadansúa epoca –e o exemplo que agora é pertinente puidera ser o da literatura de viaxes coma *report*, pero tamén os apuntes musicais ou os álbumes de debuxos ou de fotos–, para dármonos conta da mobilidade como constitutiva da modernidade, o desexo do mundo como materia da información –por veces como *alter ego* doce da expansión colonial de entreséculos– e, para o caso galego, a política como nó organizador: ese paso da Literatura ao Xornalismo como parte dun programa cuxa perda, cuxa ausencia, manca e que é unha entrada posíbel, dende a literaria, na obra periodística de Méndez Ferrín.

Escoitamos a eito, e iso forma parte da sabedoría, que a Literatura –mesmo na súa dominante ficcional– aínda que articulada en xéneros máis ou menos identificábeis, non se tén que rozar coa proba da verdade. Díxonolo, asimesmo, Todorov. Tamén é do común que cando pensamos nas relacións do Xornalismo coa Literatura o fagamos dende o Realismo, como actitude estética e cognoscitiva, como actitude propia do afán descritivo positivista, ata o punto de diferenciar a verosimilitude da fabulación nas variantes *nouvelle* e *romance*, levándonos a primeira delas

precisamente ao seu valor documental pero manténdose para o Xornalismo como imprescindíbel a "cita" dende o real. Tamén podemos pensala, a Literatura, a se desprender precisamente das regras do realismo positivista por medio de Manifestos –o surrealista–, Autores –os do monólogo interior– e Movementos: *dirty realism*. Pero o que lles quero remarcar é, simplemente, unha similaridade estructural entre o relato xornalístico –con personaxes, acontecementos, conflictos e desenlaces– e máis a novela moderna, vampírica e versátil, chuchando de todo o que vai mirando, que tamén poderiamos localizar na escrita científica, no cómic, no cinema ou na pintura narrativa. Pois ben, é esta similaridade estructural a que organiza as doas incidentais, e fai delas un raro prodixio, na obra xornalística de Méndez Ferrín.

Sobre a seducción

Porque o que calquera de nós sabe é que na expresión mesma da evolución do XIX para o XX, que é cando Galicia se manifesta, por vontade e por necesidade, a prol da soberanía a través, para o caso, da súa *intelligentsia*, e na medida en que se desenvolve a sociedade de comunicación de masas, ou a cidadanía, ou a república, ou a visibilidade das mulleres, ou unha nova profesión, que non é a de escritor se non que se lle pon o nome do soporte, do xornal ou das máquinas –en troques do da lingua–, na medida en que un oficio, o de xornalista, recibe o seu nome do lugar de producción, coma o de montador, sabemos que estamos a luír nun dos indicadores, nun dos sinais da sociedade moderna na que tanto variará a 'industria da conciencia' (Frankfurt, Frankfurt) e na que, como primeiro aceno, os materiais articúlanse cos códigos á vista e procúrase descifrar cál o papel dese enigma, dese misterio que para a prensa é o lector, que para os consumos culturais é o público, que para a política son as masas –ao igual que para a comunicación, como engranaxe de consenso– e que para a práctica da política, nos periódicos, sono os escritores que se fan axitadores.

É verdade que andamos a falar de modo sobranceiro da Galicia na Europa de entre guerras. Porque consideramos que sen esa certeza, sen o próximo-lonxano de todo o que ficou por desenvolver non son explicábeis as variacións dun Ferrín *underground* ao colaborador nos espacios mais ou menos do marco constitucional –foro de Mondariz. Pero son ben consciente que da Europa que enriquece coa expansión colonial, da Europa que loita por territorios con materiais cobizados, aos escenarios da globalización houbo mudanzas nas xogadas rápidas, nas instancias que se

dirixen á conquista do tempo e que son un axente da autodenominada Sociedade da Información. E ollo, como nos advirte Raymond Williams, coas palabras que mudan de sentido. Porque esta mesma palabra, *información*, non é o mesmo na época en que se establecen as regras do discurso xornalístico que na época en que a desregulación é un tótem como o foi hai unha decada o libre fluxo dende os centros de dominio e control.

E nesta desregulación –neoliberal– estáse a albiscar un *Ersatz*, un sucedáneo da seducción do Xornalismo pola Literatura que se localiza, en primeiro termo, na queda das convencións e na exaltación do Autor. Por iso Xosé Luís Méndez Ferrín, cando fai opinión, garda sempre un espacio no que exhibe con escrúpulo as regras do discurso xornalístico. Eis o xornal como o *lugar* para os cidadáns.

Coido, asemade, que poderán deducir, por contexto, que non estamos a defender que un xornalista non poida facer literatura ou que un escritor non poida meterse a xornalista. O que si lles digo de maneira categórica –pouco dilemática– é que as regras en tanto parte do contido, 'da mensaxe' non son as que tolleitan a expresión ou o estilo se no que materializan, pola contra, dende o ponto de vista fenomenolóxico, a experiencia da comunicación. Aplícaas con mimo –consciente da creación de senso que comportan– o Ferrín. Lémbranolo o Ferrín ao se chamar cronista, por veces de maneira simbólica e en absoluto funcional.

Wolf afírmao. Eu coido que o xornalismo liberou a novela do heroe individual, do afán moral, de Zola, e que trouxo unha nova profesión, un oficio que acolleron moitos dos mellores escritores: Jack London, con *The People of the Abyss*. Foi el, canda outras e outros coma el, quen principiou a fixar a diferencia desta nova profesión, as regras da reportaxe moderna: fontes de primeira man, observación directa, rexistro de diálogos, recompilación de datos e testemuñas... un modelo que atravesou o século ata chegar á nosa xeración, a Vietnam, ao Norman Mailer de *Os exércitos da noite* no 68, en primeira persoa, 'como unha novela', relato da manifestación de protesta pola guerra, ou ás crónicas de Michael Herr en *Dispatches*, da que eu propia botei man na pescuda que fixen sobre *Fotoxoc e xornalismo de crise*, mediados os oitenta.

Déronse estas pasaxes, e dérase, sobre todo, a intervención no real. Os *muckrakers* americanos que publicaban en *McClure's* ou en *The Masses*. Os seus devanceiros, coma os nosos, no dezaoito. Cando Defoe –editor de *Review* entre 1704 e 1713– fai o relato-verité da peste bubónica no *Diario do ano da peste* ou, a mediados do XIX, cando o Poe, xornalista no *Graham's Lady & Gentleman's Magazine* fai dende casos reais relato policial. Todos eles, na biblioteca e nos afectos do Ferrín.

Nas impresións de don Jorgito el inglés, vendedor de Biblias; nos apuntes de viaxes de Otero Pedrayo; nas descricións de Ruth Matilda Anderson ou nos cadros de costumes e na literatura de cordel. Eis o retorno ás fontes e ás variacións que van modelando o desexo para configurar, sen ideoloxía neoliberal, a seducción entre lector-autor.

Dous pasos atrás

Cada vez que me plantexo falar de Xornalismo e de Literatura como parece reclamar a figura que nos convoca hoxe; cada vez que en diversos escenarios me poño a falar de Xornalismo e de Literatura, un dous irreconciliábel atravesa a miña gorxa. Porque dende a Guerra Civil, dende que o século tronzou en dous, se ben a Literatura conseguiu abrirse paso a toupiñadas e mal que ben continúa a nos representar na historia, o xornalismo non. Se ben a Literatura foi un dos marchamos da nosa identidade, o xornalismo non. E se a Literatura é unha das nosas mellores cousas –Rosalía elixida pola UNESCO entre os cen autores que terman da Literatura do planeta Terra–, temo que, aínda que peneirando moi fino por entre os xornais poidamos dar con fragmentos de gloria, o xornalismo non. Porque o xornalismo, lémbrense, é o lugar da producción de información dende o compromiso co real e dende a alteridade, dende ese 'outro' tan lonxe –tanto, que nos chamamos profesionais da obxectividade– e tan perto –tanto que o configuramos, o moldeamos cun secado rápido. Ese 'outro', tan insignificante, que, cando as condicións así nolo reclaman, o acalamos sen máis.

Imos amosar, nunha paréntese xerminal, as contradicións, e imos pensar, na nosa particular fabulación, que o século non tronzou en dous, tal e coma o desenvolvín nunhas xornadas que organizou vai para un ano a Asociación de Escritores en Lingua Galega, AELG, na Facultade de Ciencias da Información da USC. Imos pensar que aqueles escritores que deron o paso do xornalismo á literatura, ou aqués nómadas metidos a xornalistas continuaron a entrenzar vieiros que non pasan pola Caeira, polas paredes do cemiterio vello de San Froilán, polo Campo das Ratas, por Boisaca. Que non pasan por un exilio que facía os domingos emisións radiofónicas, coa voz de Carlos Velo ou de Luís Seoane, e publicaba prensa galeguista. ¿Teriamos arestora un columnista coma o Méndez Ferrín? Eu teño para min que si. Dende a teoría, dende a escolla por pensar nos Medios como ese inevitábel constructor do espacio público, da existencia do espacio público; como ese lugar de ligames máis ou menos virtual –definición de Habermas– que inclúe outros lugares como o café, a

tribuna, a rúa..., para onde os cidadáns organizados colectivamente levan adiante discusións e accións –folgas, peticións, manfestacións...– que poidan influír as decisións políticas.

Seguimos o rastro de Badiou. Os Medios como producto do século que son, participan da construcción do século. Miramos para *La Zarpa*, *El Orzán* ou *A Nosa Terra* coma andamiaxes da Galicia de entre guerras. Tocante ao xornalismo –feito por xornalistas, por escritores ou axitadores metidos a xornalistas, e por columnistas–, para nós adquirirá un outro sentido se o observamos como actor nos procesos de realidade e de verdade, como algo capaz de se instalar no corazón da xente, e facer en que a xente –díxolo Saint Just– teña 'conciencia pública', veña a sentir o mesmo sobre o ben e o mal.

Sentir o mesmo sobre o ben e o mal. Eis un resultado que a reacción non consegue esborrar e que deveu en símbolo. Eis o 'Día das Letras' que non pode arredar por máis tempo os xornalistas paseados e canda eles ver o século XX como século da literatura e da lingua galega, como o século da súa formalización constitutiva dunha nación, do modo de relacionarnos co entorno físico, coa maneira de artellar as relacións sociais e, entre estas relacións, as de comunicación. Sentir o mesmo sobre o ben e o mal e saber por qué non se pode dicir que o xornalismo galego, coma corpus, participe da producción identitaria deste 'sentir o mesmo'. Porque para o poder dicir compriría esvaer o que significou para o desenvolvemento dos Medios, na súa triple acepción de institución social, de dispositivo, e de construcción de contidos, a creba política que trouxo o Golpe fascista do Xeneral Franco no 1936.

Fomos, así, ficando en nós propios coma nun estraño, fomos ficando sen memoria, *fomos ficando sós*, pendentes do futuro prometido por Radio Pirenaica ou naquel panfleto que aparecía no noso buzón. Fomos ficando sen a consciencia de que, algunha vez, pertencimos á Modernidade –á república laica e de vontade igualitaria– e que, algunha vez, miramos como eran posíbeis a conxunción dos soviets coa electricidade, unha novo xeito de institucionalización colectiva e o avance nos parámetros da sociedade industrial, e como esa posibilidade, en Galicia, tiña que ver coa institucionalización, tamén, da nación.

Téñennos colonizado o subconsciente, falaba un personaxe do Wenders de *O correr dos días* a propósito dos americanos. O certo é que foi encrequenando a nosa capacidade de comprensión e de emoción, a nosa capacidade, en resumo, de acción. E neste intre preciso, pasada a euforia pactista da Transición, ao pouco de que Dosinda Areses se funde coa historia en Iugoslavia no 1984, Méndez Ferrín faise columnista de opinión.

Sistema Ferrín

Antes de máis a credibilidade. A construcción da confianza xunto co interese. A descrición en pormenor. A constancia da existencia, na historia, dos aspectos ocultos que nos vai desvelar á volta dun suxeito. A palabra do autor omnisciente transferida para a trama de facticidade onde só o fragmento e a elipse son realidade.

Desfeita en Covelo, 11 de setembro de 2000:

> A Concentración Parcelaria opera na cunca alta do Río Tea, en ambas as marxes. Na esquerda que é a caída da Serra de Avión, e na dereita, onde se verquen as augas que baixan do Suído. Na primeira están as parroquias de Prado e Godóns e na segunda, chamada polos de Maceira "Tras Tea", as de Campo e a Graña. Nas catro se ceba a Parcelaria contra o hábitat natural e empobrece o mundo.

A súa intención, facer visíbel os mecanismos invisíbeis, tal e como en Otero, ancora na mirada alén do que un feito puntual semella indicar, e en que enxerga a cultura, o coñecemento e os documentos, diante nosa apreséntase alguén que, como Aurelio Carracedo escribiu sobre o señor de Trasalba, "coñece a vida urbana, os seus personaxes, currunchos, costumes" e por iso é capaz de traballar dende dentro dos tópicos da cultura xornalística remarcando o papel-testemuña, someténdose á relativa actualidade e aos feitos que nos implican como cidadáns *vis a vis* ao poder, e prender destes feitos os temas coma se non puidera ser doutra maneira: as persoas amigas no cotián, na crenza, na vida; a política democrática, é dicir nacionalista, e de clase: o proletariado e os seus aliados, Castelao vs. Casares Quiroga e as simulacións que ensaia o rexedor da cidade herculina, diriamos no más anexo arume do billet de noticia local, alugando servicios do comisariado:

> Anda queixoso J. A. Durán, dun noutro foro, polo feito de que a figura de Castelao embace neste ano de conmemoracións a de Santiago Casares Quiroga. (...) Mentres Casares desaparece do combate na Guerra Civil, Castelao está activo en política deica o intre da súa morte. Mentres Casares deixou só unha obra xornalística dispersa (estamos á espera de vela reunida e editada) inda que certamente valiosa, Castelao legounos libros, obra artística e unha teorización política en forma de tratado. Mentres Casares representaba a ideoloxía da esquerda liberal do XIX, Castelao abríase ás novas dimensións políticas do XX. (Ou o que é o mesmo: hoxe non existen homes e mulleres que substenten só as ideas de Casares e si homes e mulleres que se senten identificados coas de Castelao).

A maior abondamento, o que non forma parte da axenda mediática, o non oficial, que o cronista nomea para darlle existencia. A expresión melancólica do non-lugar: Santoña. Os rexistros da lingua para pechar o

senso do que se está a propor, a situar enriba da mesa. Para que se manteña a conversa.

A pesar de ir elaborando diferentes combinacións, polo xeral a fórmula contempla unha entrada á vista, un feito ou un escenario sobre o que un feito se vai manifestar. Séguese, após, a súa calificación, ás veces por pares dicotómicos, outras como encadeamento de atributos. Procúrase o intersticial, que pasará a ocupar, dentro dos criterios de noticiabilidade, o lugar do máis actual. E nese espacio de novas relacións, de diferentes puntos de observación, reconstrúese o que ficou oculto ou amplíase a ollada para outras solucións. Nalgures –non sempre cara a fin– a *motto*. A palabra de orde. A consigna: Seattle.

Nalgures Praga, nalgures París, o sesenta e oito que agora relata Toni Negri, na súa *Historia do comunismo* metida en Internet, dende a asimilación das súas ensinanzas por parte do proxecto capitalista: "A automatización, a informatización e a internacionalización constituíron as respostas ao comunismo da nova forza laboral. Novas máquinas e novas formas políticas reorganizaron, sob as rendas do capitalismo, a nova forza intelectual da sociedade. En Praga, en polo xeral en todo o Leste, nada disto ocorreu. Á represión e á reestructuración tecnolóxica de Occidente correspondeu a represión cosaca do Leste. Os vinte anos de Bresnev sitúanse nesta época".

No seu estilo: a parodia para a reducción do inimigo á sen razón. Lenin. Similares ou disimilares manifestacións na historia –sempre se fala da diacronía verbo do Ferrín–, puntuadas na súa diferencia, tal e como nos ensinou dende *El nacional* de Caracas Alejo Carpentier. A espiral ascendente que se sitúa na herdanza do Renacemento como construcción humanista, é dicir, non cristián; no socialismo como humanismo (sartriano); do comunismo como posibilidade para a humanidade, vanse transferindo ao xiro lingüístico que no seu oficio escolle Ferrín. Un Ferrín que eu propia, para a glamurosa revista *Vogue*, no 1992, retrataba no pé dunha foto de Manuel Vilariño: en Oxford interesouse polo marxismo e dende os anos sesenta converterase en irrecuperábel para iso que se chama Poder. Co mesmo esmero que nos leva a prendarnos da simultaneidade entre historia e ficción, da súas personaxes femininas ou de cada falla de recato que o converten nun raro e doce animal tardoformalista.

Na súa relación co receptor plural que pasea o xornal, plural polas opcións de seu, e tamén variando en cada entrega o seu rol, o autor ás veces participa dos feitos que narra, nalgún momento fai que vexamos o que só el ve, o ollo subxectivo. Noutros convértese nun observador externo e distante. Por veces delegamos nel o discurso de nós. As máis, reactualizamos as interrogantes que se van plantexando na nosa propia e

hipotética acción de resposta. Deleitámonos nas confesións tanxenciais, nos datos precisos e no xogo alargado de comparacións. Recoñecémonos como lectores. Con corpo. Con fronteira. Con mercadoría de contrabando codificada dentro do máis lizgairo estándar institucional. Que alguén, neste caso o cronista, deconstrúe coas súas propias mans.

Pasen ata a entrega de 22 de setembro de 2000. *Cincuenta anos de Galaxia*, unha exposición vista dende un acontecemento que non se menciona: a Conferencia da UNESCO do 1954 e o xefe da delegación española "que se esforzaba entón en facer méritos para ser Ministro: Manuel Fraga Iribarne" e negaba diante os delegados que fose certo iso da persecución do galego.

Peneiren en *¿Quén será Beceiro?*, 19 de maio de 2000, ese ghicho que nega o Holocausto sob o patrocinio da Xunta e do seu Presidente actual.

Entren e procuren en cada artigo ese valor de oralidade que atravesa a historia de Galicia; a memoria como reacción á memoria, nos parámetros da escola pragmática; o esquecemento como outro tipo de recordo.

É esta a lectura que vos convido a facer do premio Roberto Blanco Torres 2000 que lle foi entregado ao gañador no transcurso dun xantar, en Cuntis, o 16 de abril de 2001 e ao que eu non puiden asistir. Encontrábamonos en Bos Aires para o Festival de Cine Independente e dous días denantes, o sábado 14 de abril, asistiamos na Federación de Sociedades Galegas a unha festa de aniversario que Alberto Portas, o seu mantedor, despediu coma nos bos tempos: ¡Saúde e República!

Compostela, maio 2001

P.S. *Dosinda Areses, prosas completas*, foi publicado por Xerais (Vigo, 1998). Xosé M. Salgado e Xoán M. Casado son os conductores do libro de conversas *X.L. Méndez Ferrín*, editado por Sotelo Blanco (Barcelona, 1989) e o artigo de X. Aurelio Carracedo "Otero Pedrayo, xornalista" saíu nun especial de *A Nosa Terra*, (Vigo, 1986). Outra manchea de referencias e auto-referencias que ecoan no texto van acompañadas dos clásicos parámetros de tempo e de lugar amais dun verso de Manuel Antonio e dun título de Luís Seoane que vostede, a persoa lectora, vai identificar.